

Chus Martínez Domínguez

ESPAZO INTERVIDO

XORNADA

Pascuala Campos de Michelena, as arquitecturas da vida

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 26 de outubro de 2017



Espazo intervido

Comisaria: Chus Martínez Domínguez

A acción **Espazo intervido** [xoves, 26 de outubro de 2017] que Pascuala Campos de Michelena desenvolve en colaboración coa tamén arquitecta Ana Gallego Palacios na sede do Consello da Cultura Galega (CCG), Pazo de Raxoi, consiste en espertar o interese por repensar un espazo vivido.

Inserida dentro da realización da xornada que analiza e homenaxea a obra de Campos de Michelena, organizada pola Comisión de Igualdade, a motivación do proxecto parte da muda de sitio dos elementos que foron dispostos no primeiro andar da institución desde hai máis de 30 anos, co fin de evidenciar e reflexionar sobre o modo no que conectamos cun lugar e coas formas que o articulan.

Manipular a colección de bancos, sofás, mesas, cinceiros, plantas, alfombra e andeis que singularizan a entrada e corredores do CCG como parte dun programa inaugural, que foi cambiando co paso do tempo: engadíndose algúns obxectos e respectando outros, pero mantendo basicamente a súa localización.

Deste xeito, as autoras propoñen un xogo estético e político que apela á mirada que é asidua a este lugar tratando de reflexionar acerca da relación entre espazo e xénero, organizando un lugar para interpretar a realidade, que segue sendo desfavorable para as profesionais de calquera ámbito da creación, neste caso poñendo especial atención nas arquitectas.